



**ORIENTACIÓN
ACADÉMICA**

**PARA FAMILIAS E
ALUMNADO**

DE 2º DA ESO




**Departamento de Orientación.
IES de Soutomaior 05/2020.**



Introducción: Mapa básico do sistema educativo LOMCE

- 1) Características da ESO.
- 2) Aspectos a ter en conta na matrícula de 3^o ESO.
- 3) Que pasará en 4^o da ESO.
- 4) Que poderei estudar despois : opcións con título e sen título da ESO.



1. CARACTERÍSTICAS DA ESO



- Etapa educativa obrigatoria. Está dirixida ao alumnado dende os 12 ata os 16 anos. Aínda que se pode permanecer nela ata os 18 anos e excepcionalmente ata os 19, en caso de ter que repetir dúas veces na etapa.
- Consta de 4 cursos e tres tipos de materias: **troncais, específicas e de libre configuración.**
- **Ao rematar 4^o, terás o título de Graduado en ESO.** Este título é necesario para poder continuar estudos posteriores, xa sexan de bacharelato, ciclos formativos de grao medio ou outras opcións. É un título importante tamén, á hora de acceder a un contrato de traballo.

PROMOCIÓN NA ESO



- Poderase repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en 3^o ou 4^o, prolongarase un ano o límite de idade (ata os 19 anos).
- Excepcionalmente, un alumno/a poderá repetir unha segunda vez en 4^o curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa
- Repetirase curso con avaliación negativa en 3 ou máis materias, ou en 2 materias que sexan Lingua Galega e Literatura / Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas (poderán autorizarse de forma excepcional outros casos, seguindo a normativa vixente). Este curso escolar, pola suspensión de clases por COVID-19, este criterio será flexibilizado.

QUE É O CONSELLO ORIENTADOR?



- **Ó final de cada un dos cursos de ESO** se entrega aos pais, nais ou titores legais de cada alumno un consello orientador, que inclúe unha proposta do itinerario máis adecuado a seguir, así como a identificación do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias co que se xustifica a proposta.
- A decisión final é vosa e das familias. O Consello Orientador supón unha recomendación do equipo docente, coa valoración que fai o profesorado cando rematedes o curso (en xuño ou en setembro).

2. ASPECTOS A TER EN CONTA PARA A MATRÍCULA EN 3º ESO



- En primeiro lugar: calma. O que escollas en 3º de ESO non será vinculante. Isto quere dicir, que aínda poderás ir decidindo sobre o que queres facer nos próximos cursos, con apoio dende acción tutorial e orientación, na busca e elección de itinerarios formativos e profesionais.
- Non obstante, as eleccións de 3º (especialmente matemáticas) serán importantes para a túa preparación. Basea estas nas túas habilidades e intereses, non noutros factores (facilidade, amigos/as...).
- **Para que te vaias facendo unha idea das eleccións que terás que facer...:**
 - Mira como se estruturan os cursos 3º e 4º, e, a continuación,
 - O impreso de matrícula que terás que cubrir cando fagas a matrícula no IES.

3º ESO

4º ESO:

OPCIÓN DE ACADÉMICAS

OPCIÓN DE APLICADAS

- 1) Bioloxía e Xeoloxía (2h)
- 2) Física e Química (2h)
- 3) Xeografía e Historia (3h)
- 4) Lingua Castelá e Literatura (3h)
- 5) Lingua Galega e Literatura (3h)
- 6) Primeira Lingua Estranxeira (3h)
- 7) Educación Física (2h)
- 8) Música (2h)
- 9) Tecnoloxía (2h)
- 10) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h)
- 11) Tutoría (1h)

- 1) Xeografía e Historia (3h)
- 2) Lingua Castelá e Literatura (3h)
- 3) Lingua Galega e Literatura (3h)
- 4) Matemáticas Académicas (4h)**
- 5) Primeira Lingua Estranxeira (3h)
- 6) Educación Física (2h)
- 7) Tutoría (1h)

ELIXIR DÚAS TRONCAIS DE ENTRE:

- Bioloxía e Xeoloxía (3h)
- Economía (3h)
- Física e Química (3h)
- Latín (3h)

- 1) Xeografía e Historia (3h)
- 2) Lingua Castelá e Literatura (3h)
- 3) Lingua Galega e Literatura (3h)
- 4) Matemáticas Aplicadas (4h)**
- 5) Primeira Lingua Estranxeira (3h)
- 6) Educación Física (2h)
- 7) Tutoría (1h)

ELIXIR DÚAS TRONCAIS DE ENTRE:

- Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional (3h)
- Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial (3h)
- Tecnoloxía (3h)

Matemáticas académicas
o Matemáticas aplicadas (4h)

ELIXIR DÚAS MATERIAS ESPECÍFICAS ,(ENTRE AS QUE OFERTE O CENTRO ESE CURSO):

- Artes Escénicas e Danza (3h)
- Cultura Científica (3h)
- Cultura Clásica (3h)
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (3h)
- Filosofía (3h)
- Música (3h)
- Segunda Lingua Estranxeira (3h)
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación (3h)
- Unha materia troncal non cursada (3h) (*)

2ª Lingua Estranxeira o Cultura Clásica (2h)

ELIXIR UNHA

- Relixión ou Valores Éticos (1h)

Relixión ou Valores Éticos (2h).

MATRÍCULA 3º ESO

CURSO 2020/21

DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A:				
Apelidos:		Nome:		DNI:
Data nacemento:		Teléfono: E-mail:		
Apelidos pai ou titor legal:		Nome pai ou titor legal:		DNI: Teléfono:
		E-mail:		
Apelidos nai ou titor legal:		Nome nai ou titor legal:		DNI: Teléfono:
		E-mail:		
Enderezo familiar	Rúa, número, piso, porta		Localidade	CP Concello
CENTRO DE PROCEDENCIA:				

Elixir una opción

ELIXIR UNHA OPCIÓN	
<input type="checkbox"/>	Matemáticas Académicas
<input type="checkbox"/>	Matemáticas Aplicadas

ELIXIR UNHA OPCIÓN	
<input type="checkbox"/>	2ª Lingua Extranxeira
<input type="checkbox"/>	Cultura Clásica

ELIXIR UNHA OPCIÓN	
<input type="checkbox"/>	Relixión
<input type="checkbox"/>	Valores Éticos



- Na matrícula de 3^o de ESO terás que facer como ves 3 eleccións:

VALORES ÉTICOS
Ou
RELIXIÓN

2^a LINGUA
ESTRANXEIRA
Ou
CULTURA CLÁSICA

MATEMÁTICAS
ACADÉMICAS
Ou
MATEMÁTICAS
APLICADAS

VALORES ÉTICOS ou RELIXIÓN?



- Ao igual que neste curso, tendrás que escoller entre Relixión ou Valores Éticos. Poderás cambiar respecto ao que cursaches en 1º e 2º, optando por unha das dúas.
- A relixión é **relixión católica**.
- A materia de **Valores Éticos** ten como obxectivo orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos:

- A dignidade da persoa
- A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais
- A reflexión ética
- A xustiza e a política
- Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e outros tratados
- Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía

2ª LINGUA ESTRANXEIRA ou CULTURA CLÁSICA?



CAL é a 2ª LINGUA ESTRANXEIRA no Ies de Soutomaior?

- Francés. Se escolles esta optativa, terás a oportunidade de seguir avanzando e aprendendo este idioma.

QUE SE ESTUDA EN CULTURA CLÁSICA no Ies de Soutomaior?

- Coa materia de Cultura clásica no Terceiro Curso de Educación Secundaria Obrigatoria, o obxectivo é situar aos estudantes no inicio do camiño que os levará ao nacemento da cultura occidental.
- Os gregos e os romanos forxaron, ao longo dos séculos, unha sorprendente civilización que non se desvaneceu co paso dos anos, pero que puido sobrevivir ata os nosos días. Construimos a nosa sociedade nos seus piares, alimentándonos dos seus coñecementos e ideas, transformándoos e reflectíndoos en numerosas manifestacións culturais nos campos literario, artístico, filosófico, científico e lingüístico.
- O obxectivo desta materia é achegar este mundo aos mozos estudantes, para interesalos polo xeito de vida, os costumes, as crenzas, a lingua, as actividades, a educación e o contexto xeográfico e histórico onde a vida os nosos antepasados, e facerlles ver que estudando o noso pasado somos capaces de interpretar mellor o presente. Deste xeito, fortalecemos a súa conciencia histórica e capacidade crítica, ao tempo que facilitamos o acceso a moitos elementos comúns da identidade europea.
- A materia de Cultura Clásica e o coñecemento das civilizacións grega e romana poden significar para o alumnado de Educación Secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, o ocio e as festas, a estética ou a ética.

Matemáticas Académicas ou Aplicadas?



- Poderás escoller unha ou outra, e logo acceder a calquer dos itinerarios de 4^o de ESO, pero:
- En función da túa elección en 3^o estarás máis preparado/a para acceder a un dos itinerarios de 4^o de ESO. Por iso esta elección é importante.
- Se cursas a opción de ensinanzas académicas prepárate para acceder aos estudos de Bacharelato. Se cursas a opción de ensinanzas aplicadas prepárate para acceder a FP de Grao Medio. Por iso, aínda que a normativa actual permite cursar Bacharelato ou Ciclo dende calquera dos itinerarios de 4^o ESO, **se barallas a opción de estudar Bacharelato, o recomendable é escoller matemáticas académicas** (en caso contrario, te faltará base no 4^o curso e posteriores).

3. Que pasará en 4^o da ESO? Terás que escoller un itinerario:

4^o curso.

**ENSINANZAS
ACADÉMICAS**
(con matemáticas académicas)

Bacharelato

**ENSINANZAS
APLICADAS**
(con matemáticas aplicadas)

Formación
Profesional

A maior decisión que terán que tomar as nais, pais ou titores legais, ou no seu caso o alumnado na ESO, será escoller cursar o 4^o curso da ESO por unha das anteriores opcións.

O título da ESO



- Para titular na ESO requírese:


A superación de todas as materias de ESO ou a avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente unha lingua cooficial e matemáticas:

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA + MATEMÁTICAS

LINGUA GALEGA E LITERATURA + MATEMÁTICAS

- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos considéranse como materias distintas.
- Ademáis, para obter o título será necesario que o equipo docente considere que o alumno ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.
- A nota media da etapa será media das cualificacións obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada de 0 a 10 con decimais. O título de ESO te permitirá acceder a calquera ensinanza independentemente do itinerario cursado en 4. Permite acceder:
 - Aos ciclos de formación profesional de grao medio (terás máis doado ter praza nun ciclo que te te guste canto maior sea a túa nota de ESO).
 - Ao bacharelato.
 - Ás ensinanzas de Réxime Especial.

3. Que poderei estudar despois? : opcións con e sen título da ESO.



DÚBIDAS? PRECISAS OUTRA INFORMACIÓN?



PREGUNTA AO TEU TUTOR/A
OU
ESCRÍBEME A:
ALBAORIENTA@EDU.XUNTA.GAL
ORIENTADORA DO IES DE SOUTOMAIOR.